

PONTEemprego

19 de NOVIEMBRE de 2025 BOLETÍN SEMANAL DE EMPREGO

Nº 620



OFERTAS DE EMPREGO PRIVADO

MONITOR/A

Publicada: Proxecto ILES 19/11/2025

Empresa: CENEPO

Localidade: Vigo, Santiago e Pontevedra

Descrición: Accións individualizadas ou grupais, tanto previas á formación, como de acompañamento e apoio na aula

Requisitos: Título de Grao Superior en Integración Social ou diplomado/Licenciado. Desenvolver funcións como monitor de apoio na aula a persoa con discapacidade

Condicións: Contrato mercantil ou laboral

Contacto: Enviar CV a formacion@cenepo.com indicando no asunto REF: MONITOR/A

MÁQUINISTA EXTRUSIÓN

Publicada: Proxecto ILES 19/11/2025

Empresa: IMAN Temporing ETT

Localidade: Moraña

Descrición: Tarefas principais: Controlar o funcionamento da instalación, realizando os axustes necesarios para o funcionamento para a obtención da produción e calidade establecidas. Introducir os datos de fabricación no sistema informático. Realizar os controis establecidos polo Dpto. de Calidade e tomar as mostras que este esixa. Realizará os mantementos establecidos para a máquina a nivel operario. Durante o proceso de fabricación controlará na entrada e saída da máquina comprobando o estado da tea. Comprobar a calidade do produto. Tarefas de Limpeza da máquina e sección

Requisitos: Experiencia en traballos como operarios de máquina en industrias de produción, (prensas metal, extrusión...). Perfís con experiencia de maquinista, que levasen de forma autónoma máquinas industriais. Valorable: Manexo carretilla. Residencia área xeográfica

Condicións: Traballo en quendas continuas, rotativos, mañá, tarde e noite. (de 06:00 a 14:00, de 14:00 a 22:00 e de 22:00 a 06:00) De luns a venres Contrato temporal inicialmente con previsión de continuidade

Contacto: Enviar CV a avazquezpalacios@imancorp.es

FORMACIÓN GASTRO

O Concello de Pontevedra, a través da área de Promoción Económica, vén de abrir unha nova liña de actividades do Pontevedra Capital Gastro destinada á capacitación dos e das profesionais da hostalería. A iniciativa ten o obxectivo de fortalecer as competencias profesionais e empresariais do tecido hostaleiro e turístico da Boa Vila, apoiando a aquelas persoas que contribúen a facer dela un destino sostible e de referencia

Comeza así Formación Gastro, unha ampla proposta de formación de balde destinada ao sector hostaleiro, turístico e gastronómico da Boa Vila. A iniciativa forma parte do proxecto Pontevedra Capital Gastro, enmarcado no Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) e financiado con fondos europeos NextGenerationEU

O vindeiro xoves 20 de novembro de 10:00 a 14:00 terá lugar no Mercado de Abastos a presentación oficial do plan Formación Gastro, para o cal é preciso anotarse con antelación a través do enderezo pontevedra.formaciongastro@betagroup.com

Cursos presenciais de balde dispoñibles:

Cultura e gastronomía galega (15 h)

Barismo e coctelería moderna (15 h)

Cociña con produto local e de tempada (10 h)

Manipulación e aproveitamento alimentario (15 h)

Vendas e recomendación en gastronomía (15 h)

Decoración e colocación de Pratos (15h)

Innovación gastronómica (10 h).

Os cursos en liña enfócanse nas áreas de protocolo, xestión e mesmo dixitalización do sector con 16 títulos a escoller:

- | | |
|--|---|
| Protocolo e interculturalidade turística (18 h) | Estratexia de comunicación gastronómica (18 h) |
| Intelixencia artificial turística (18 h) | Reputación en liña para establecementos turísticos (18 h) |
| Automatiza o teu negocio (18 h) | Ferramentas de xestión en hostalaría e turismo (24 h) |
| Xestión e rendibilidade en restauración (24 h) | Márketing gastronómico de produto local (27 h) |
| Promoción dixital do destino (27 h) | Analítica e intelixencia do negocio (21 h) |
| Crea, diseña e comunica: gastronomía e turismo (18 h) | Turismo intelixente: innovación e sostibilidade (10 h) |
| Tendencias tecnolóxicas en turismo e gastronomía (18 h) | Inglés para gastronomía e turismo (36 h) |
| Comercio electrónico e márketing dixital para gastronomía (30 h) | Francés para gastronomía e turismo (36 h) |

O proxecto está incluído dentro do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Pontevedra e a Axencia de Turismo de Galicia para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) de Pontevedra. Este plan local forma parte do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística do Litoral de Galicia. Este Plan de recuperación está financiado por fondos NextGenerationEU da Unión Europea



Formación Gastro

-  Presentación do Plan Formativo para o sector turístico e gastronómico de Pontevedra.
-  Showcooking e degustación gastronómica.
-  Rincón dixital interactivo e networking.

Data:

Hora:

Mercado de
Abastos


Xoves 20 de
novembro

10:00h a 14:00h



Mercado Creativo Día da Música

O talento local enche o Mercado de cor e creatividade



**Sábado 22
de novembro**

De 11:00 a 15:00h.

**Mercado de Abastos
de Pontevedra**

Unha feira de arte e cultura urbana que transforma o Mercado de Abastos nun espazo vivo. Esta xornada estará dedicada á temática da música, coincidindo coa celebración do Día da Música, recoñecido internacionalmente.

Ao longo da mañá teremos:

11:00 a 13:00 h
Obradoiro divulgativo para público familiar sobre pequenos trebellos musicais.

13:30 a 15:00 h
Concerto de *The SoulRivers*.

Ademais, durante toda a xornada contaremos con 30 expositores de artesanía, que complementarán a programación.



**Pontevedra
Capital Gastro**

Máis información

✉ pontevedra.capital.gastro@animatium.com

📞 WhatsApp +34 660 339 177



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBERNO DE GALICIA
FUNDAMENTO DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN




Plan de
Recuperación,
Transformación
e Resiliencia



Concello
de Pontevedra

Mercado do Emprendemento

Un trampolín para o talento local e a innovación na cociña



O Mercado de Abastos convértese nun **escaparate de proxectos culinarios emerxentes**. Durante un tempo limitado, poderás descubrir receitas innovadoras, probar pratos únicos e gozar da creatividade de novos talentos da cociña local.

Cando?

De xoves a sábado nos meses **de novembro a abril** (ambos incluídos), no horario do Mercado de Abastos (8.00 a 15.00 h).

Onde?

Mercado de Abastos de Pontevedra

Que atoparás?

Postos gastronómicos emerxentes, innovación e novas propostas culinarias. Un trampolín para o talento local e a innovación na cociña.

Tes un proxecto emprendedor e queres participar no Mercado? Apúntate!



Máis información
✉ pontevedra.capital.gastro@animatium.com
📞 WhatsApp +34 660 339 177



BASES MERCADO DO EMPRENDEMENTO

OBXECTIVOS:

- Fomentar o emprendemento local no ámbito gastronómico.
- Brindar unha plataforma real para a validación de modelos de negocio.
- Potenciar a innovación, a sustentabilidade e o impacto social de novos proxectos.
- Revitalizar e dinamizar o Mercado de Abastos de Pontevedra.
- Promover sinerxias entre emprendedores, institucións e comunidade local.

SOLICITUDES E PROCESO DE SELECCIÓN

As persoas interesadas deberán cubrir o formulario dispoñible en: <https://apuntate.pontevedra.gal/mercado-do-emprendemento/>

A selección dos proxectos será realizada segundo os seguintes criterios:

- Innovación e orixinalidade da proposta gastronómica.
- Viabilidade técnica e económica do proxecto.
- Compromiso coa sustentabilidade e cos produtos locais.
- Impacto social e potencial de xeración de emprego.
- Experiencia e traxectoria do emprendedor/a.

DURACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS E HORARIO

- Cada proxecto permanecerá un mes completo no Mercado de Abastos, nun dos postos habilitados.
- O horario de apertura obrigatorio será de xoves a sábado, de 8.00 a 15.00 horas.

Páxina 4 de 5 19/11/2025

- Os martes e mércores poderá abrirse tamén de forma opcional, previo aviso á organización.
- As datas de participación serán determinadas pola organización segundo o calendario global do programa (novembro-abril).

POSTOS E EQUIPAMENTO

- Cada emprendedor dispoñerá dun posto individual acondicionado con instalacións básicas
- Os postos contarán con mobiliario e utensilios básicos, así como rotulación visible co nome e identidade do proxecto.
- Non está permitido perforar, pegar ou modificar as superficies.
- Ao finalizar o período asignado, o posto deberá entregarse nas mesmas condicións en que foi recibido.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Durante o mes de participación, cada proxecto contará cunha titorización personalizada.
- Ao finalizar, cada participante deberá entregar un informe resumen.
- A organización realizará unha avaliación continua.

Datos de contacto:

✉ pontevedra.capital.gastro@animatium.com

☎ 660 339 177

🌐 <https://apuntate.pontevedra.gal/mercado-creativo/>



@Proxectoiles

PROXECTOILES